

# Polo idioma galego

## Argumentos para un debate cívico

HENRIQUE MONTEAGUDO

A batalla polo futuro do galego dáse en varias fronteas, desde a xurídica ata a política, pasando pola cultural e a social. Neste momento, unha das fronteas prioritarias é, sen dúbida, a social. É á sociedade á que se dirixen os discursos que pretenden asociar o castelán coa liberdade e o galego coa imposición, uns discursos que deslexitimán a defensa do galego e as políticas de protección deste idioma, e que están a callar na cidadanía, en parte por falta dunha resposta axeitada. Co presente texto sinalamos algunhas liñas por onde entendemos que debe ir esa resposta.

### Lingua, liberdade, imposición

O discurso da liberdade aplicado á situación lingüística de Galicia é moi obvio e doado de entender, pois apela ao sentido común, e polo mesmo resulta moi persuasivo e moi difícil de refutar. O argumento básico é o seguinte: en Galicia son de uso corrente dúas linguas, galego e castelán, ambas recoñecidas oficialmente; e de calquera das dúas os cidadáns utilizan a da súa preferencia. Polo mesmo, as institucións públicas non deben favorecer nin moito menos impoñer ningunha delas. A opción por unha ou outra lingua é libre e depende exclusivamente da vontade de cada cidadán. Este argumento vense aplicando con especial insistencia para limitar ou eliminar calquera regulación de uso das linguas no sistema educativo favorable ao galego.

Pero non é menos certo que, coma moitas outras 'verdades sinxelas', o dito razoamento repousa nunha grande falacia. Trátase dunha desas evidencias enganosas, tipicamente empregada con finalidade de manipulación. En efecto, esa argumentación silencia algúns feitos moi importantes, comezando polos seguintes tres. Primeiro, a lingua orixinal de Galicia é o galego, o castelán é unha lingua historicamente intrusa e imposta. Segundo, os galegos xamais tiveron, nin

individual nin colectivamente, a oportunidade de tomar en liberdade a decisión de abandonar ou manter o galego; o certo é que o castelán se lles impuxo sen máis. E terceiro, a posición do galego e do castelán na Galicia de hoxe está moi lonxe de resultar igualitaria, non só porque a distribución social dos dous idiomas é moi desequilibrada (o castelán asociado aos grupos sociais privilexiados, o galego aos máis desfavorecidos), senón porque nunha serie de ámbitos moi importantes (profesións liberais, medios de comunicación, empresas, universidades...) o castelán conserva a súa supremacía, conseguida tempos atrás mediante unha política opresiva de pura e simple marxinação do galego.

De máis a máis: a tendencia cara ao abandono progresivo do galego que o colocou ao borde da extinción é a consecuencia directa dunha política secular de imposición do castelán e asoballamento dos sectores sociais galego-falantes, propugnada polas elites dominantes da sociedade española no seu exclusivo proveito, e posta en práctica polo estado ao seu servizo. Esta política lingüística aplicada durante séculos é inseparable da política xeral de sometemento e marxinação de Galicia en todas as ordes (cultural, económica, social e propiamente política), e tivo como coñecida consecuencia o noso desenvolvemento, causante dunha pavorosa emigración que castigou con severidade precisamente a poboación galego-falante.

### Por que queremos recuperar o galego?

Precisamente por causa do devandito, na conciencia social de Galicia a reivindicación do galego estivo decote unida á defensa dos intereses do país (particularmente das súas clases populares) e veu sendo considerada unha cuestión de democracia, liberdade, xustiza e, afinal, de dignidade colectiva. Exactamente polo mesmo, cando ao final da *longa noite de pedra* da ditadura franquis-

Henrique Monteagudo. **Profesor de Sociolingüística galega na Universidade de Santiago, é Secretario do Consello da Cultura Galega e codirector de GRIAL**

ta, que perseguíu e acurralou implacablemente o galego, recuperar os nosos dereitos e alcanzamos a autonomía de Galicia, a normalización da lingua foi considerada polos sectores máis conscientes do corpo cívico unha tarefa inescusable, que obrigaba moral e politicamente ás institucións e ao país no seu conxunto. Esa conciencia está na base do recoñecemento oficial do galego, das políticas lingüísticas da Xunta e doutras institucións (entre as que salientan algúns concellos), e da xeneralidade de medidas de protección e fomento da lingua galega.

É certo que nin esa visión da historia foi unanimemente compartida (sempre houbo sectores que a impugnaron, ora declaradamente reaccionarios ora sedicentemente progresistas) nin as políticas de promoción do galego estiveron exentas de polémica por quen as consideraban tímidas ou ineficaces, pero tamén polo contrario. Tampouco os resultados conseguidos se poden considerar satisfactorios, en particular no referente á recuperación do galego como lingua de uso nos sectores sociais previamente castelanizados (as clases medias e a mocidade, sobre todo nas cidades). Pero a cuestión da efectividade das políticas aplicadas nas dúas décadas pasadas, con ser moi importante, non é o punto que agora nos aquece.

### Por que non é desexable a segregación dos escolares?

O punto crucial é: independentemente da historia (da que non son culpables) e da situación actual (da que non se senten responsables), como se xustifica que cidadáns castelán-falantes se vexan obrigados a aprender o galego, estudar (aínda que sexa parcialmente) nesa lingua, e incluso a usala en certos contextos? Non significará iso unha intolerable limitación das súas liberdades? O primeiro que poderíamos responder a isto é: existen motivos de equidade, pois é

obvio que tamén os seus concidadáns galego-falantes, queiran ou non, teñen que aprender e usar o castelán. Hai quen retruca: pero iso é problema destes, ninguén lles manda falar o galego, que se convertan en castelán-falantes e teñen o problema resolto. Obviamente, esta resposta soa cínica en exceso. Por iso é máis corrente escoitar unha réplica máis presentable: que cada un reciba o ensino na súa lingua, uns en castelán e outros en galego, e todos en paz. Pero a lóxica subxacente a esta visión das cousas abócanos á segregación lingüística, e desta á segregación social e finalmente á escisión do país en dúas comunidades, vivindo de costas unha a outra, e previsiblemente enfrontadas.

Dirase: non é para tanto, pois galego e castelán son linguas mutuamente intercomprensibles. Pero a separación desde a infancia en centros, aulas e redes de socialización distintas é claro que desemboca na disociación. O exemplo do País Vasco é paradigmático nese senso. Precisamente, a proximidade entre o galego e o castelán e a facilidade de intercomprensión (e por tanto, de aprendizaxe de e en cada lingua para os falantes da outra) é un poderoso argumento contra a segregación.

### A preservación dos bens comúns e as limitacións á liberdade

Pero podemos ver a cuestión desde outro punto de vista. Indubidablemente, o galego é un ben común (un ben declarado de interese público) que está en perigo, e que por tanto existe especial protección. E, por suposto, a cohesión social e a convivencia tamén son bens comúns, que requiren esforzos de todos. Aos bens comúns non se lles pode aplicar unha filosofía individualista: cada un dos cidadáns sabemos que só podemos salvagardar eses bens se todos nós nos aplicamos á súa preservación. Xosé Manuel Villanueva ofrece unha argumentación e un exemplo impecable

bles nun artigo recente (“El patrimonio del gallego”, *El País*, 31-VIII-2009). El falaba das esixencias que impón a preservación do camiño de Santiago e da Compostela monumental, e evocaba os inconvenientes que iso crea, nomeadamente, aos propietarios de inmobles no casco vello da cidade.

Poñamos outro exemplo: a conservación do medio natural. Cada un de nós sabe que se só el contamina, o impacto no medio é desprezable, pero se moitos contaminamos, o efecto pode ser desastroso. Abonda saber isto último para que cada un de nós se sinta obrigado a non contaminar, a pesar de sermos conscientes de que a contaminación particular *de cada un* non ía ser tan grave. Un sempre ten medo de facer o *primo*, esforzarse en non contaminar mentres algúns espilidos se desentenden, pero así e todo todos sabemos que a única conduta cívica é respectar o medio ambiente. En definitiva, a responsabilidade sobre un ben común é colectiva, e ao mesmo tempo, inseparablemente, é individual. Todos e cada un temos que contribuír a preservar os bens comúns, incluso os que non os gozan ou non se benefician directamente deles. Non outro é o caso do idioma.

Aínda se podería retrucar poñendo en cuestión o prezo, a oportunidade ou a proporcionalidade das medidas protectoras. O custo da conservación do galego non será demasiado alto? Esta sociedade pode permitirse pagalo? Non sería mellor gastar noutra cousa os esforzos e recursos dedicados a promover galego, por caso, aprender inglés? Doutra banda, realmente é imprescindible que o alumnado castelán-falante reciba a metade ou máis dou seu ensino en galego para que consiga aprendelo?

### O prezo da normalización: o idioma, problema ou recurso?

O primeiro que hai que contestar a este tipo de obxeccións é que resulta errado contemplar o investimento de recursos e esforzos na promoción do galego como un *custo*, ou incluso como unha especie de gasto suntuario. O mesmo feito de formular esa obxección é un síntoma dunha actitude anormal, patolóxica, ante a lingua por parte dalgúns sectores da nosa sociedade, un corolario do pesado lastre de preconceptos que nos deixou en herdanza a política centenaria de marxinación do galego. En ningún país dotado dun idioma propio, e que teña unha vivencia normal, aproblemática, deste idioma, se formula esa pregunta. Moitos países pequenos, falantes de linguas de dimensións reducidas, se decatan de que é necesario com-

plementar o coñecemento do idioma vernáculo co coñecemento e uso doutro ou outros máis difundidos, pero nunca a costa de menosprezar ou abandonar aquel. O natural, o lóxico e o corrente é que cada comunidade use, cultive e desenvolva a súa lingua, sen que isto implique de ningunha maneira ignorar ou rexeitar as outras. Non hai noticia de ningunha comunidade que decidise voluntaria e libremente, sen mediar condicións de dependencia ou imposición, abandonar o seu idioma para adoptar un estraño.

De por parte, os investimentos de recursos e esforzos para recuperar e promover o galego non constitúen un gasto sen retorno, de carácter suntuario. Os idiomas (o seu coñecemento, uso, cultivo) non son obxectos ornamentais. As linguas son recursos para o desenvolvemento humano, non só como instrumentos de comunicación, tamén como bens culturais (probablemente os máis valiosos de que pode dispor unha comunidade) e como elementos conformadores de identidade colectiva. A concepción da cultura como un luxo ou un adorno, típica da mentalidade conservadora, está totalmente periclitada; o reverso capitalista desta é a súa banalización, degradada a pura mercadoría de consumo. Igualmente, o desprezo das identidades colectivas como unha especie de artificios arbitrarios e anacrónicos (cal tótems tribais) denota unha alarmante ignorancia, infelizmente moi estendida entre os adeptos ao hiperindividualismo neoliberal.

A recuperación do galego debe ser encarada como unha tarefa colectiva, que redundará no reforzamento da conciencia cívica do país e da súa autoestima colectiva, dous valores intanxibles que temos bastante minguados e que resultan de enorme importancia para o noso desenvolvemento económico e social.

A cultura e a identidade son elementos básicos para a cohesión dunha sociedade e forman parte integral, por non dicir central, do seu capital humano e do seu potencial de desenvolvemento, e por tanto do seu benestar. Para non falar do seu valor económico: no caso da cultura, posto de manifesto na crecente relevancia das industrias culturais, no caso da identidade, tendo en conta o valor imponderable que no saturado mercado global adquire a posesión dunha marca recoñecible. Quen dubida que unha das marcas máis recoñecibles mundialmente é unha identidade definida, máis se esta vai asociada a unha lingua propia? O argumento do *valor de marca* da lingua teno desenvolvido con moita finura un dos máis brillantes emprendedores culturais e comunicadores do noso país, Víctor Fernández Freixanes.

A cultura e a identidade son elementos básicos para a cohesión dunha sociedade e forman parte integral, por non dicir central, do seu capital humano e do seu potencial de desenvolvemento, e por tanto do seu benestar



### Por que dar preferencia ao galego no sistema educativo?

A existencia en Galicia de dúas linguas, galego e castelán, é produto de azares históricos non precisamente afortunados para o noso país, pero é un feito irreversible. Dar volta atrás na historia, tentar rectificala, resulta un exercicio baldío, cando non perigoso e ata daníño. Pero a cidadanía actual ten todos os motivos para aspirar a superar o legado que o pasado nos deixou, un bilingüismo profundamente desigual (en prexuízo do galego) e conflictivo, e avanzar cara a un bilingüismo equitativo e convivido, que permita o pleno desenvolvemento do idioma propio. Todo isto pode conseguirse sen prexudicar os falantes do castelán nin ao país no seu conxunto, e sen renunciar ás vantaxes que nos ofrece dominar o idioma non só dunha parte da cidadanía galega (mellor dito, de toda ela) e mais do Estado do que formamos parte, senón tamén internacionalmente difundido. E sen esquecermos, desde logo, que o galego abre a porta ao diálogo con e á participación activa en outro ámbito lingüístico de dimensión peninsular e internacional, o de expresión portuguesa.

Para avanzarmos nese camiño cómpre, efectivamente, facer unha serie de esforzos suplementarios en diversos ámbitos da vida social, comezando polo educativo (pero coidando de non rematar aí). É un feito cientificamente comprobado que, en contextos de bilingüismo desigual, o predominio no sistema educativo da lingua ambiental dominante reforza a marxinação da lingua subordinada. Ademais, impide a adquisi-

ción dunha competencia suficiente nesta dos falantes da primeira, e entorpece o desenvolvemento cognitivo dos falantes da lingua minorizada. Pola contra, o uso preferente desta no sistema educativo beneficia os falantes das dúas e constitúe a única forma de garantir que os falantes da lingua dominante adquiran competencia na outra.

Por tanto, as medidas de reforzo do uso do galego no sistema educativo non son arbitrarias, senón que van ben encamiñadas, mentres que os temores fronte elas espalladas por certos grupos, líderes e medios de comunicación son totalmente infundados, ao menos no plano puramente pedagóxico. Responden a preconceptos sociais e a dogmatismos ideolóxicos.

### Prevenções contra o bilingüismo

No campo dos defensores do galego, e sobre todo en amplos sectores do nacionalismo, o bilingüismo suscita un rexeitamento profundamente irracional. Isto non sempre foi así: os galeguistas clásicos, como Castelao, Vilar Ponte ou Risco, propugnaban firmemente o bilingüismo. Non imos entrar agora no pormenor de como e por que se produciu esta mudanza de actitude. Interesa subliñar que hoxe por hoxe, o apego incondicionado a un proxecto estratéxico monolingüe constitúe unha pexa formidable para a articulación de discursos, propostas e proxectos en defensa do galego con posibilidades dunha ampla recepción social.

Será conveniente aclarar que non estamos a criticar a propaganda e a práctica do *monolin-*

A batalla hai que dala sobre todo no campo da opinión pública. Hai que afinar os argumentos para conseguir o asentimento da maioría cidadá arredor de propostas factibles e proxectos atractivos. Debemos reafirmarnos na xusteza das nosas razóns, na intelixencia das nosas propostas e na nosa capacidade de interpelación e persuasión, confiando en que o país saiba enxergar o que realmente lle interesa e desbotar o camiño do suicidio como colectividade

*güismo defensivo* por parte dos galego-falantes; isto é, o mantemento no uso do galego con todos os interlocutores e en todos os contextos (dentro de Galicia) sempre que iso non provoque problemas de comunicación. Esta é unha táctica totalmente lexítima e atinada. Temos todos os motivos para aconsellar aos galego-falantes habituais que non renuncien ao uso do galego cando escriben, cando van ao médico, de compras ou a un organismo oficial, cando falan por teléfono ou con descoñecidos, exercen a súa profesión, rotulan os seus comercios ou negocios, imprimen os seus menús ou folletos comerciais, etc. O uso do castelán forzado por unha rutina minusvalorizante ou un cortesía acomplexada (unha falsa cordialidade forzosa), ademais de colocar a carga do cambio de lingua sempre sobre os ombros dos galegofalantes, ao que conduce é á invisibilización da lingua, e finalmente a privar aos castelán-falantes de ocasións para familiarizarse con e practicar o idioma do país.

Pero unha cousa é propugnar ese monolingüismo defensivo dos galego-falantes, como estratexia para conseguir un bilingüismo igualitario, e outra moi distinta é postular como ideal supremo e finalidade última da política lingüística o que se vén denominando o *monolingüismo social*. Sexamos claros: a expulsión do castelán dos espazos de uso público de Galicia, a súa redución a lingua de uso estritamente privado é unha quimera que, poñéndonos nunha hipótese totalmente irrealista ademais de indesexable, soamente sería alcanzable mediante unha ditadura lingüística que promovese brutais medidas coercitivas. Ninguén sensato pode pretender iso, e parece pueril enganarse co conto de todo punto inverosímil de que o monolingüismo social en galego podería conseguirse a longo prazo, a través dun proceso demorado, combinando convicción, fomento e regulacións restritivas (pero non ditatoriais), contando co apoio continuado dunha amplísima e sólida maioría social.

Tal cousa non vai acontecer no futuro previsible (que é o que conta), e seguirse empeñando niso ao único que conduce é a alimentar as reticencias de amplos sectores da poboación cara a calquera avance normalizador, a alienarse a simpatía e a complicidade doutros sectores, dispostos a conseguir a revitalización do galego, pero non a custa da expulsión do castelán. Como se di vulgarmente: o mellor é inimigo do bo. Hoxe por hoxe, saír ao foro público a defender o galego renunciando a explorar as virtudes do bilingüismo (ou mesmo combaténdoo) é como saír a boxear a un ring coa man dereita atada ás costas. Non leva a ningures.

### Que bilingüismo?

Pero se renunciar á defensa do galego no nome do bilingüismo é botar pedras contra o propio tellado, propugnar unha ‘Galicia bilingüe’ ao tempo que se ataca a normalización do galego e se postula a segregación idiomática constitúe un sarcasmo insultante. En que consistiría esa *Galicia bilingüe*? En dúas Galicias monolingües, unha en galego e outra en castelán? Nunha Galicia monolingüe por privilexio (a castelán-falante) e outra Galicia bilingüe á forza (a galego falante?). Iso non é unha *Galicia bilingüe*, iso é unha estafa grotesca, que pretende disimular co disfraze presentable do bilingüismo a perpetuación da inveterada postración do galego.

Unha Galicia autenticamente bilingüe será aquela en que o conxunto da poboación teña un dominio aceptable de ambas as linguas, que lle permita usalas fluída e comodamente na fala e na escrita, e tanto nos usos profesionais e formais coma nos privados e informais. Unha Galicia bilingüe de verdade será aquela en que o uso do galego estea plenamente normalizado (isto é, feito rutina) en todas ou a maioría das esferas da vida social, incluíndo os medios de comunicación e a publicidade, o comercio e a empresa, o traballo e o lecer. Unha Galicia plenamente

bilingüe será aquela en que usar o galego no día a día e transmitirlle a lingua propia á descendencia non constitúa un acto cotián de resistencia (e mesmo de heroísmo).

Naturalmente, nunha Galicia equitativamente bilingüe os castelán-falantes terán garantidos os seus dereitos e non terán motivos para a incomodidade, pois entenderán que a promoción do galego non se dirixe contra eles, e decatáranse de que a igualdade entre as dúas linguas e os seus falantes non os prexudica en absoluto, senón que beneficia a todo o mundo. Nesas condicións, nin a presenza pública do castelán nin o seu uso particular terán que molestar a ninguén, pois xa non poderán interpretarse como recordatorio de agravios históricos ou síntoma de ningunha opresión. Unha Galicia bilingüe estará fundada na convivencia e no respecto mutuo, no recoñecemento e no aprezo das dúas linguas da súa cidadanía e na satisfacción de pertencer a un país civilizado, desenvolvido, e xustificadamente orgulloso da súa cultura propia e da súa lingua orixinal, sen chauvinismos agresivos nin pailanismos acomplezados.

## Cabo: a responsabilidade dos dirixentes políticos

Os dirixentes do Partido Popular, e moi especificamente do actual presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, están contraendo unha grave responsabilidade fronte a Galicia, o seu idioma e a súa cultura. E isto non é tanto (ou non só) polas medidas político-administrativas que están impoñendo de xeito unilateral, en condicións de minoría electoral e de exigua maioría parlamentaria, coma tal: a eliminación do requisito de coñecemento do galego para ingresar na función pública (a única, e bastante raquítica, garantía para que os cidadáns galego-falantes sexan atendidos no seu idioma polos servizos públicos que sufragan cos seus impostos) e a redución da presenza do galego no ensino (mediante unha fórmula aínda inconcreta). De certo, estas dúas medidas, en por si, supoñen un retroceso sen precedentes na protección do galego.

Pero, como dicíamos, isto non é o máis penoso: menos comprensible, e máis perigoso cara ao futuro, é que ao actuaren así, rachan de vez consensos fráxiles pero moi importantes, que tardaron moito en fraguar e que fundamentan a lexitimidade do réxime autónomo. Así e todo, se cadra tampouco isto é o peor: e máis alarmante o clima social de discordia e crispación que se está a fomentar, antes desde a oposición a agora desde o goberno, e os discursos que se están espallando, gravemente derogatorios para o galego, a reboque de grupúsculos extremistas e ao ditado

de estratexias políticas e mediáticas totalmente alleas aos intereses do país. Todo iso a base de invocar vellas pantomas e remexer antigos preconceptos que tiñamos semi-enterrados tras décadas de democracia e autonomía, e que resucitan para ameazarnos coma zombis redivivos. Un ataque frontal a unha precaria civilidade galega que custosamente fomos construíndo nas últimas décadas.

É lamentable, por non dicir escandaloso, ter que oír como un presidente da Xunta de Galicia contrapón pertinazmente, día si e outro tamén, o idioma galego coa liberdade dos cidadáns, encarnada no castelán. É arrepianante, un pesadelo, constatar que todo un conselleiro de Educación se nega de forma reiterada a descartar unha solución segregacionista para os nosos centros de ensino. É inacreditable, de botar as mans á cabeza, que a estas alturas un conselleiro de Cultura nos faga perder o tempo e a paciencia con elucubracións totalmente extemporáneas sobre o que son ou deixan de ser a literatura e a cultura galegas.

Pero non nos enganemos: a batalla hai que dala, e gañala, antes e sobre todo no campo da opinión pública e da sociedade en xeral. Somos conscientes da desigualdade de forzas. Non se nos escapa do nefasto papel que están a xogar poderosos medios de comunicación. Precisamente por iso, hai que afinar os argumentos para conseguir o asentimento da maioría cidadá arredor de propostas factibles e proxectos atractivos. A crise que estamos a vivir ten que ser aproveitada para adaptarnos, reformularnos e saírmos con máis forza cara ao futuro, ou teremos que resignarnos pouzar o idioma galego na cova que lle están cavando e rezarlle o responso funeral. O dilema é así de extremo. Debemos reafirmarnos na xusteza das nosas razóns, na intelixencia das nosas propostas e na nosa capacidade de interpelación e persuasión, confiando en que o país saiba enxergar o que realmente lle interesa e desbotar o camiño do suicidio como colectividade. Agora ou nunca ■

O presente texto constitúe un adianto do libro *As razóns do idioma galego*, de Henrique Monteagudo, que proximamente vira a lume en Galaxia.